- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
 - 1.1. Na materia de Matemáticas.**
 - 1.2. Na materia de Lingua castelá.**
 - 1.3. Na materia de Lingua galega.**
 - 1.4. Na materia de Ciencias da natureza.**
 - 1.5. Na materia de Ciencias sociais.**
- 2. Avaliación e cualificación (común ás materias mencionadas).**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) común ás materias mencionadas.**
- 4. Información e publicidade (común ás materias mencionadas).**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles na materia de Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá .	1.1. Resolve problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá .
2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
3. Utilizar os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e na resolución de problemas.
4. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	4.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. 4.2. Identifica o valor de posición das cifras. 4.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
5. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	5.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. 5.2. Interpreta en textos numéricos números naturais ata o 999. 5.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras 5.4. Identifica os números pares e os impares.
6. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	6.1. Realiza cálculos numéricos básicos coas operacións de suma , resta e multiplicación na resolución de problemas contextualizados. 6.2. Resolve operacións con cálculo mental.
7. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas.	7.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

8. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.; o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso ;e o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	8.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.; o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso; e o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.
9. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	9.1.Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
10. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	10.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. 10.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.
11. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	11.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) 11.2. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.
12. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	12,1, Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
13. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas	13.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.

1.2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles na materia de Lingua castelá

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais nas videochamadas.	1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. 1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.
2. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións telemáticas.	2.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
3. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral.	3.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. 3.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
4. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	4.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual. 4.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos.... 4.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
5. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	5.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.

<p>6. Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e á intención comunicativa.</p>	<p>6.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas.... 6.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.</p>
<p>7. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos sinxelos de carácter infantil.</p>	<p>7.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade. 7.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.</p>
<p>8. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.</p>	<p>8.1. Identifica o tema dun texto sinxelo. 8.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p>
<p>9. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.</p>	<p>9.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. 9.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes. 9.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.</p>
<p>10. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.</p>	<p>10.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.</p>
<p>11. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos), aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.</p>	<p>11.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... 11.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.</p>

12. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais sobre diferentes temas da área.	12.1. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.
13. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas producións.	13.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.
14. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	14.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. 14.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.
15. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	15.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita. 15.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples. 15.3. Identifica o suxeito e predicado nas oracións simples.
16. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	16.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.
17. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	17.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. 17.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. 17.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
18. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	18.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.
19. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	19.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
20. Reproducir e crear, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	20.1. Reproduce e crea, con axuda, sinxelos textos literarios a partir de pautas ou modelos dados.

1.3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles na materia de Lingua galega

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos próximos á experiencia infantil.	1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos próximos á experiencia infantil.
2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	3.1. Elabora e produce textos orais sinxelos.
4. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	4.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
5. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	5.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación. 5.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. 5.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
6. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	6.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións
7. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	7.1. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.

<p>8. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</p>	<p>8.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</p> <p>8.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p> <p>8.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación</p> <p>8.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p> <p>8.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.</p>
<p>9. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>9.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>
<p>10. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>	<p>10.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>
<p>11. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.</p>	<p>11.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.</p>
<p>12. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>12.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.</p>
<p>13. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>13.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>13.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.</p> <p>13.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.</p> <p>13.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.</p>

14. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	14.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas .
15. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	15.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
16. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	16.1. Le, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
17. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados	17.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

1.4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles na materia de Ciencias da natureza	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	1.1. Busca, selecciona información de forma guiada e comunica os resultados en diferentes soportes de forma eficaz nos diferentes proxectos.
2. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	2.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. 2.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. 2.3. Comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
3. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	3.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. 3.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.

4. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	4.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. 4.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
5. Observar e rexistrar algún ser vivo e comunicar de xeito escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	5.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.
6. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	6.1. Valora e aplica usos responsables da auga e do aire.
7. Redudir, reutilizar e reciclar residuos.	7.2.Reduce, reutiliza e recicla residuos; e toma conciencia da necesidade do coidado do medio ambiente.

1.5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles na materia de Ciencias sociais

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. 1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación.
2. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	2.1. Identifica a terminoloxía propia da área.

<p>3. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.</p>	<p>3.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga e mostra interese polo seu uso responsable</p>
<p>4. Observar e localizar os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.</p>	<p>4.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.</p>
<p>5. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.</p>	<p>5.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.</p>
<p>6. Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.</p>	<p>6.1. Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou.</p>
<p>7. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.</p>	<p>7.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. 7.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. 7.3. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.</p>
<p>8. Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes.</p>	<p>8.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes</p>
<p>9. Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. Os puntos cardinais.</p>	<p>9.1. Elabora un esbozo da súa casa no que están situados ao seu arredor os catro puntos cardinais e os lugares que se atopan nesas posicións con respecto á súa vivenda.</p>

10. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	10.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
11. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	11.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
12. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	12.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.
13. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade e valorar a súa diversidade.	13.1. Explica algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
14. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	14.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.
15. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	15.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. 15.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.
16. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	16.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transport. 16.2. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.

<p>17. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.</p>	<p>17.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. 17.2..Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.</p>
--	--

2. Avaliación e cualificación (común ás materias mencionadas)

	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo).</p> <p>Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como: resposta a cuestións, realización de resumos ou esquemas, grabacións de vídeos ou audios, observación e corrección das actividades diarias, entrevistas e actividades a través de videoconferencias, producións escritas do alumno/a, actividades de síntese, resolución de exercicios e problemas, lecturas comprensivas sobre a materia, realización de actividades interactivas, realización de manualidades relacionadas coa materia e confeccións de murais.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro (Esemtia School).</p>
<p>Avaliación de alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres</p>	<p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data, utilizaranse como instrumentos de avaliación das tarefas enviadas de xeito telemático:</p> <ul style="list-style-type: none">- A entrega dentro da data proposta da actividade proposta (proporáanse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana).- A correcta realización e presentación das actividades realizadas.- Grabacións de vídeos ou audios.- Observación e corrección das actividades diarias.- Entrevistas e actividades a través de videoconferencias.- Produccións escritas e orais do alumno/a.- A correcta expresión dos resultados e linguaxe utilizada.- A variedade e adecuación do léxico relativo á materia e á súa idade.- A evolución persoal do alumno/a respecto aos trimestres anteriores.- A correcta realización de exercicios online a través de diferentes páxinas web.- A correcta realización das actividades interactivas do libro dixital. <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso, faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno/a, mediante correos individuais a través da plataforma Esemtia, facilitando un e-mail personal do mestre/a ao que enviar as</p>

	<p>tarefas e mesmo realizando chamadas telefónicas nalgúns casos.</p>
<p>Cualificación final do alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres.</p>	<p><u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u> A calificación final obterase como media aritmética da calificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada ata 1 punto, a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre. En ningún caso a calificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p> <p>No caso do alumnado que transmitise a súa dificultade de envío telemático das tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación das tarefas entregadas ata a data da avaliación.</p>
<p>Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</p>	<p><u>Procedementos:</u> Proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación e repaso, que abarcarán os contidos vistos ao longo do curso baseándose nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas de etapa.</p> <p>Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como: resposta a cuestións; realización de resumos ou esquemas, grabacións de vídeos ou audios, observación e corrección das actividades diarias, entrevistas a través de videoconferencias, producións escritas do alumno/a, actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas, lecturas comprensivas sobre a materia, realización de actividades interactivas, realización de manualidades relacionadas coa materia e confeccións de murais.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Para a avaliación das tarefas realizadas neste terceiro trimestre, utilizaranse como instrumentos de avaliación das tarefas enviadas de xeito telemático:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A entrega dentro da data proposta da actividade proposta (proporáanse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana).

	<ul style="list-style-type: none"> - A correcta realización e presentación das actividades realizadas. - Grabacións de vídeos ou audios. - Observación e corrección das actividades diarias. - Entrevistas e actividades a través de videoconferencias. - Producións escritas e orais do alumno/a. - A correcta expresión dos resultados e linguaxe utilizada. - A variedade e adecuación do léxico relativo á materia e á súa idade. - A evolución persoal do alumno/a respecto aos trimestres anteriores. - A correcta realización de exercicios online a través de diferentes páxinas web. - A correcta realización das actividades interactivas do libro dixital. <p>Hai un moi baixo número de alumnos/as que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso, faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno/a, mediante correos individuais a través da plataforma Esemtia, facilitando un e-mail personal do mestre/a ao que enviar as tarefas e mesmo realizando chamadas telefónicas nalgúns casos.</p>
<p>Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</p>	<p>No caso do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores, a súa calificación final non superará o 6. Esta calificación estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos neste mesmo apartado.</p> <p>No caso do alumnado que transmitise a súa dificultade de envío telemático da tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación das tarefas entregadas ata a data da avaliación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre: recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación (común ás materias mencionadas)

<p>Actividades</p>	<p>Resolución de actividades escritas, lecturas comprensivas, visionado de vídeos ou cortos, realización de grabacións de audio ou vídeo, lecturas comprensivas, videoconferencias, realización de resumos ou esquemas, actividades de síntese, resolución de exercicios e problemas, visualización de presentacións interactivas, resolución de actividades interactivas, manualidades relacionadas coas materias e confección de murais.</p>
---------------------------	--

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas; pois nalgún caso excepcional, non teñen posibilidade de entrega telemática dentro dos prazos establecidos aínda que sí de recepción.</p> <p>A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma.</p> <p>Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguimento periódico do profesorado.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>O principal recurso de envío e recepción de tarefas será a plataforma educativa do centro.</p> <p>Os libros de texto serán utilizados como apoio polo alumnado, ademais dos recursos dixitais da editorial Santillana (Proxecto Saber Facer Contigo).</p> <p>Tamén se empregará material creado polo mestre/a, unha libreta cuadravia Lamela, cadernos de cálculo e escritura Rubio (que xa se viñan utilizando anteriormente), materiais manipulativos dos libros de texto e materiais web de libre disposición como son os vídeos ou cortos, os xogos online ou actividades interactivas.</p>

<p>4. Información e publicidade (común ás materias mencionadas)</p>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>A través da plataforma Moodle (Esemtia School). Nalgúns casos, o correo da plataforma Esemtia, correo electrónico persoal do mestre/a ou mesmo chamadas telefónicas.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación na páxina web e facebook do centro.</p>

OBSERVACIÓNS:

A adaptación das Programación didáctica do curso 2019/2020 levaráse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.